

REUNIÓN DA COMISIÓN DE CALIDADE DA FACULTADE DE FORMACIÓN DO PROFESORADO

Acordos Acta número 44, de 25 de maio de 2023

LUGAR: Sala de Xuntas da Facultade de Formación do Profesorado

A sesión realízase de forma mixta: presencial e virtual a través da plataforma institucional Ms Teams, de acordo coa lexislación aplicable no artigo 17 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público e co "Protocolo para o uso de medios electrónicos nas reunión de órganos colexiados da USC" publicado no Taboleiro Electrónico da USC o 28/04/2020.

DATA: 25 de maio de 2023

HORA DE COMEZO: 11:00 h.

HORA DE REMATE: 12:35 h.

ASISTENTES

Aznar Cuadrado, Virginia (PDI)

Brao Viña, Ana M^a (PAS)

Dosil Díaz, Carlos (PDI)

López Gómez, Santiago (PDI)

López Rúa, Paula (PDI)

Romero Castro, María José (PDI)

Sarceda Gorgoso María Carmen (PDI)

Simil Romero, Isabel (Representante Estudiantado)

Souto Seijo, Alba María (PDI)

ORDE DO DÍA:

1. Aprobación, se procede, das actas das sesións anteriores (achéganse actas).
2. Análise, debate, reflexión e aprobación, se procede, da Memoria de Calidade Curso 2021-22 (achégase memoria)
3. Análise e reflexión sobre o desenvolvemento da Fase II do Plan Forte, e acordos a tomar (achégase documentación).
4. Aprobación, se procede, da edición dun libro sobre prácticas innovadoras e investigación nos graos
5. Aprobación, se procede, da edición dun libro sobre prácticas innovadoras e investigación nos Mestrados.
6. Aprobación, se procede, da convocatoria de axudas a microproxectos de investigación dirixidos ao profesorado da Facultade de Formación do Profesorado.
7. Analizar a posibilidade de que o alumnado realice prácticas no estranxeiro, de xeito que tamén se contribúa a aumentar a súa mobilidade
8. Aprobación, se procede, de axudas da Facultade para favorecer a mobilidade do estudiantado
9. Análise e reflexión sobre propostas de accións de formación e xestión de tempo para alumnado e profesorado.
10. Rolda aberta de intervencións.

- 1. Aprobación, se procede, das actas das sesións anteriores (achéganse actas).**

A presidenta da Comisión de Calidade, Carmen Sarceda, somete a aprobación a acta nº 42 e a acta nº 43. Apróbase por asentimento.
- 2. Análise, debate, reflexión e aprobación, se procede, da Memoria de Calidade Curso 2021-22 (achégase memoria).**

A presidenta da a palabra á vicedecana, Paula López, que fai un resumo da Memoria de Calidade destacando as accións de mellora que se presentan neste informe referidas tanto as titulacións dos Graos de Mestre/a da FFP como as dos Mestrados impartidos nesta Facultade.

Despois das intervencións do vicedecano Santiago López, a xestora do centro Ana Brao e a representante do alumnado Isabel Simil, a presidenta da comisión somete a aprobación a Memoria de Calidade e apróbase por asentimento.
- 3. Análise e reflexión sobre o desenvolvemento da Fase II do Plan Forte, e acordos a tomar (achégase documentación).**

A vicedecana, Paula López, explica que as accións de mellora que se poñen en marcha e funcionan, deixan de ser accións de mellora como tal. Unha forma de visibilizalas é integralas no Plan FORTE da Facultade e que estean presentes no informe de execución de cada curso.

Tamén indica que o manual de procesos permite ampliar o Plan de Orientación a Graos e Másters, para que sexa un plan de orientación e formación xeral. Fai a proposta de incorporar nas liñas do Plan FORTE todas as accións dos Másters, que estean relacionadas con enriquecer a formación do alumnado. Para iso cómpre facer unha segunda fase no Plan Forte e abrir unha acción de mellora na Memoria de Calidade indicando que están integradas neste Plan.

A presidenta da comisión somete a aprobación a proposta de continuar coa Fase II do Plan FORTE e apróbase por asentimento.
- 4. Aprobación, se procede, da edición dun libro sobre prácticas innovadoras e investigación nos graos.**

Abórdase xunto co punto 5 da orde do día.
- 5. Aprobación, se procede, da edición dun libro sobre prácticas innovadoras e investigación nos Mestrados.**

A presidenta, Carmen Sarceda, aborda conxuntamente os puntos 4 e 5 da orde do día, indicando que na Facultade hai moito profesorado que está a facer innovación e investigación repercutindo positivamente na docencia, pero que no se coñece todo ese labor. Por iso propón crear sinerxias de colaboración entre o profesorado e visibilizar todos estes traballos recolléndoo nunha publicación. A idea é elaborar un libro para o Grao de Infantil e Primaria e outro para o Master DAEN e o Master de Profesorado de Educación Secundaria Obrigatoria e Bacharelato, Formación Profesional e Ensinanza de Idiomas, cada un deles organizado polos respectivos coordinadores de Titulación, nos que poderían participar os e as docentes da Facultade con aportacións que poidan ser de interese na liña da investigación e innovación, antes indicada. As publicacións se farían dentro da clasificación SPI Q1, ben sexa no Servicio de Publicacións da USC ou na editorial Dykinson (ou similar), asumindo o custe da edición, neste último caso, a Facultade.

A presidenta da comisión somete a aprobación a idea da edición de dous libros sobre prácticas innovadoras e de investigación nos graos e nos mestrados respectivamente. Apróbase por asentimento.

6. Aprobación, se procede, da convocatoria de axudas a microproxectos de investigación dirixidos ao profesorado da Facultade de Formación do Profesorado.

A presidenta, Carmen Sarceda, comenta que a día de hoxe é moi difícil poder concorrer a un proxecto de investigación e que nas publicacións que faga o profesorado é importante que o texto vaia avalado pola referencia dun proxecto. Así que propón axudas a microproxectos, de aproximadamente 2000 euros, financiados con cartos que se ingresan na FFP.

Interveñen a representante do alumnado, Isabel Simil, o coordinador do Master de Profesorado, Carlos Dosil, e o vicedecano, Santiago López.

A presidenta da comisión somete a aprobación a idea de crear unha convocatoria de axudas a microproxectos. Apróbase por asentimento.

7. Analizar a posibilidade de que o alumnado realice prácticas no estranxeiro, de xeito que tamén se contribúa a aumentar a súa mobilidade.

A vicedena, Paula López, explica que determinados convenios non teñen nada que se pareza a noso Prácticum e hai moi poucos destinos Erasmus que teñan organizado o Practicum de xeito similar ao da Facultade. A xestora, Ana Brao, intervéñ indicando que podería ser a través dun programa Erasmus Prácticas, no que o centro de acollida teña ou se adapte ao mesmo período de prácticas que a Facultade.

A presidenta, Carmen Sarceda, indica que se seguirán pensando diferentes alternativas e a vicedecana, Paula López, engade que habería que buscar destinos dende o propio centro asegurándose que a materia de Practicum sexa convalidable.

8. Aprobación, se procede, de axudas da Facultade para favorecer a mobilidade do estudiantado.

A presidenta, Carmen Sarceda, da a palabra á vicedena, Paula López, para que informe das dificultades que hai con determinadas becas de mobilidade e que explican que o alumnado non conorra a esas convocatorias.

A vicedecana indica que as únicas becas que teñen diñeiro asociado son as Erasmus. Tamén hai becas SICUE e as do Convenio Bilateral, que son as de fora da Unión Europea, pero que non teñen axuda económica. Esta pode ser unha das razóns polas que o alumnado non se presenta ás convocatorias, ou se presenta pero logo renuncia por motivos económicos. Indica que na FFP estamos comprometidos a favorecer a mobilidade e que se envía información ao alumnado a través das diferentes coordinacións. As prazas Erasmus cúbrense e quedan estudantes fora, pero as outras non.

Carmen Sarceda indica que, dada a dificultade dos trámites que ten que realizar o alumnado relacionados coas becas do Convenio Bilateral, ve máis factible a mobilidade nacional con becas SICUE e propón establecer axudas dende a Facultade.

No turno de intervencións participan a representante do alumnado, Isabel Simil, e o profesor Carlos Dosil.

A presidenta da comisión somete a aprobación a idea de crear axudas para a mobilidade nacional do estudiantado. Apróbase por asentimento.

9. Análise e reflexión sobre propostas de accións de formación e xestión de tempo para alumnado e profesorado.

A presidenta informa da solicitude no Campus Terra de actividades de formación (para graos, másters, alumnado e profesorado). Moitas destas accións formativas están

vinculadas ao Master DAEN, pero tamén hai sobre metodoloxías activas para o profesorado, sobre xestión do tempo, especialmente para o alumnado, e sobre e-Twinning (iniciativa europea para colaboración en formación entre países da Unión Europea, na que unha docente da FFP, Susana Vázquez, é embaixadora). Desta última actividade engade que é unha forma de traballo colaborativa innovadora aplicable a todas as etapas educativas.

Interveñen a alumna Isabel Simil e os docentes Santiago López, Carmen Sarceda e Virginia Aznar.

10. Rolda aberta de intervencións

Intervén a alumna Isabel Simil.

A presidenta da comisión agradece a presenza e da por rematada a sesión, da que redacto acta como secretaria.

A secretaria

Visto e Prace da Presidenta

Virginia Aznar Cuadrado

M. Carmen Sarceda Gorgoso

Sinaturas dixitais / Firmas digitales / Digital signatures

Asinante/Firmante/Signer: CARMEN SARCEDA GORGOSO, DECANO A DA FACULTADE DE FORMACION DO PROFESORADO, UNIVERSIDAD DE SANTIAGO DE COMPOSTELA, 22/11/2023 12:35:48.

Asinante/Firmante/Signer: VIRGINIA AZNAR CUADRADO, SECRETARIO A DA FACULTADE DE FORM DO PROFESORADO, UNIVERSIDAD DE SANTIAGO DE COMPOSTELA, 22/11/2023 12:34:36.

CSV: BB15-05CC-4077-9B5D